

# Olios

## de aula

ANO 1 - Nº 7 - Maio 2013






Revista para as famílias do alumnado

Maio,  
mes da  
lingua

Letras 2013:  
Roberto  
Vidal Bolaño

A que idade  
lle compro o móbil?





# A pregunta

A que idade lle compro  
o primeiro móbil?



Para a compra dun móbil, igual que para outras moitas cousas, non existen idades concretas senón que depende de cada neno/a e de cada situación. Por regra xeral, só se lle debe comprar un móbil a un fillo/a cando vexamos que de verdade o necesita ou esteamos verdadeiramente convencidos de que vai facer un bo uso del.

É verdade que un móbil pode ser moi útil tanto para os nenos/as como para os pais/nais, xa que eles poden usalo en caso de necesidade e a nós permítenos telos localizados. Pero non é menos certo que os teléfonos de hoxe son “ máis ca teléfonos”, son aparatos completísimos que permiten facer fotos, grabar vídeos, conectarse a internet, acceder ás redes sociais..., polo que é fundamental asegurarnos de que o noso fillo/a é suficientemente maduro como para facer un uso responsable del.

Aínda que, como dicíamos ao comezo, non existen idades concretas para comprarlles o seu primeiro móbil, si que é certo que se desaconsella facelo antes dos 12 anos (aínda que máis da metade dos nenos/as de 11 anos xa teñen un) e que se recomenda agardar a que teñan entre 14 e 16 anos. De todos os xeitos, e independentemente da idade, é sempre conveniente limitarlles o seu uso (que o empreguen unicamente cando saen sós, que non o leven ao colexio...), controlarlles o gasto e, sobre todo, educalos nos perigos e ameazas derivadas dun mal uso.

O feito de que se lembre no Día das Letras Galegas de 2013 a Roberto Vidal Bolaño (Santiago, 1950-2002) é unha novidade, porque nos 50 anos que cumpre esta celebración nunca antes se dedicara a un autor teatral. Deste xeito, a Real Academia Galega fai xustiza a un dos escritores galegos máis importantes do século XX e, asemade, ao mundo do teatro, outorgándolle a importancia que merece dentro da nosa cultura.

## Vidal Bolaño, Día das Letras Galegas 2013

Luis Gómez Aldegunde

[Profesor de Lingua e literatura galega no CPI dos Dices (Rois-A Coruña)]

Roberto Vidal Bolaño foi un pioneiro, porque fundou a primeira compañía de teatro profesional que houbo en Galicia. Unha circunstancia persoal precipitou ese paso: el xa contaba cun grupo afeccionado, Teatro Antroido, e cando o despediron do banco no que traballaba decidiu probar sorte cunha compañía profesional. Acompañárono naquela aventura a actriz Laura Ponte, que daquela era a súa muller, e o actor Rodrigo Roel. A primeira obra que representaron como profesionais foi *Laudamuco, señor de ningures*, estreada en Santiago en 1978.

O achegamento de Roberto Vidal Bolaño ao teatro foi múltiple: autor, actor, director, produtor e iluminador. A mesma variedade podemos atopala nunha obra que foi labrando ata alcanzar uns textos de calidade extraordinaria e recoñecida con numerosos premios.

Bolaño loitou tamén pola creación dunha compañía de teatro institucional que viu a luz no ano 1984: o Centro Dramático Galego. A primeira obra dun autor galego que estrea o CDG tiña que ser de Vidal Bolaño (*Agasallo de sombras*, nese mesmo ano). Neste 2013 o propio CDG dedícalle en exclusiva a súa temporada con *Días sen gloria e Touporroutou da lúa e do sol*.

O seu enfrontamento co poder político, que criticou abertamente na obra *Caprice des dieux*, e a falta de apoio dos compañeiros de profesión fixeron que se afastase do teatro



nun silencio que se prolongou durante 8 anos. Esta paréntese amarga aproveitouna, porén, para dedicarse a outra das súas paixóns: o cine. Escribiu guións e participou en series para a televisión -*Mareas vivas*, por exemplo- e en filmes coma *A lingua das bolboretas*.

Con Belén Quintáns fundou Teatro do Aquí en 1992 e o seu regreso aos escenarios tivo lugar coa produción *Saxo tenor*, unha obra que rende homenaxe ao barrio santiagués de Vista Alegre, no que nacera. Nesta montaxe podemos atopar algunhas das constantes da súa obra dramática, coma as personaxes estrafalarias, perdedores nun ambiente marxinal para os que Vidal Bolaño sempre atopa momentos de tenrura e de grandeza.

A cidade e o camiño de Santiago constitúen outro dos esteos da súa escrita. Á parte das xa citadas, temos o exemplo de *Doentes*, os enfermos expulsados no Hostal dos Reis Católicos que vagan polas rúas compostelás. Pola súa parte, o camiño francés é un elemento fundamental en *Días sen gloria* e o que el consideraba o seu mellor texto, *As actas escuras*, xira arredor da controversia sobre os restos que se gardan na cripta da catedral.

Vidal Bolaño foi un home dun grande compromiso coa nosa lingua, coa nosa cultura e coa sociedade do seu momento. Este ano apareceron moitos estudos que poden axudarnos a entender esta figura icónica da nosa literatura. Entre eles están os de Xosé Manuel Fernández Castro,

Laura Tato ou Camilo Franco. [Para máis información, pode verse o vídeo coordinado polo autor do artigo: <http://ir.gl/7f2abf>]


## {FLEXIBILIZACIÓN}

Cando falamos de flexibilización dentro do ámbito escolar, estamos referíndonos aos cambios que se poden introducir no tempo de escolarización dun alumno. É dicir, que podemos alongar ou reducir a duración dunha etapa educativa, sempre e cando haxa un motivo que o xustifique. Os destinatarios desta medida son normalmente estudantes de necesidades educativas especiais, ou sexa, alumnos/

as de altas capacidades intelectuais, alumnos/as con discapacidade ou alumnado con trastornos graves de conduta.

Pódese flexibilizar a permanencia dun neno ou nena xa na educación infantil, tanto para adiantar a súa entrada en primaria como para mantelo un curso máis en infantil. Para poder realizar unha flexibilización é necesario ter un informe psicopedagóxico,

a autorización da inspección e o consentimento dos pais ou titores legais. Existen, ademais, limitacións legais segundo a etapa educativa ou o curso afectados.



# CADENCIAS

Gracia Santorum

## Para sabermos máis

Todos os anos enfrontámonos a un novo reto: sabermos máis do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas. As editoriais galegas preparan un feixe de ensaios que nos achegan o autor e que nos facilitan enormemente o camiño. Este ano contamos con *Un chapeu negro e un nariz de pallaso* publicado pola editorial Galaxia, texto e documental que nos introduce tanto na personalidade como na escrita deste xenio teatral. Así, ambos convértense nunha ferramenta imprescindible para explorar o mundo de Roberto Vidal Bolaño.



## Para xogar

*Tastarabás* [Antón Cortizas, Ed. Xerais]. Unha obra imprescindible de consulta na que TODO, absolutamente todo, sobre xogos populares está incluído: brincar no mundo animal, no mundo vexetal, co mundo imaxinario, brinquedos de enxeño, de desprazamento, sonoros, construcións... Todo isto e moito máis nunha obra de máis de 1000 páxinas con centos de fotografías que recollen un anaco importante da nosa propia historia, esas tradicións que non debemos deixar morrer.



## Para ler

*A nena á que non deixaban ser feliz* [Miguel Ángel Alonso Diz e Luz Beloso, Ed. A porta verde do sétimo andar]. Unha nena que unicamente quere ser feliz e que terá que loitar por alcanzar o seu soño, enfrontándose a xuízos, cobizas e tentacións e exhibindo argumentos inapelables. O triunfo dos valores e da liberdade persoal ante unha xustiza inxusta nun álbum que observa pedradas dos máis grandes e clásicos escritores universais. Ilustracións con corazón que simbolizan maxicamente o paso da historia que lemos.



# Da lingua

## Días de gloria

O vindeiro 17 de maio imos celebrar o Día das Letras Galegas, dedicado este ano á figura do dramaturgo compostelán **Roberto Vidal Bolaño**; mais desde a CGENDL non pretendemos que esta conmemoración resulte unha especie de rito oficial no que participan unicamente algúns ilustres intelectuais, senón que nos gustaría que fose unha festa colectiva na que poden participar activamente as familias do noso alumnado.

Que podemos facer todos nós arredor das Letras Galegas? En primeiro lugar, ser conscientes de que podemos estar orgullosos de contarmos cunha cultura propia, moderna e contemporánea, e que se pode converter (a pouco que lle concedamos un mínimo apoio) nun dos sectores económicos máis puxantes do país. Porque a cultura galega ofrece traballo a moitos profesionais relacionados coa industria da edición e da comunicación, das artes plásticas e musicais, do cine e do teatro, da banda deseñada e o deseño gráfico. Xente, case toda ela, chea de talento e iniciativa.

Por iso, animámosvos a que, neste mes das Letras Galegas, fagades unha aposta en positivo pola lingua e a literatura de Galicia; as opcións que se nos ofrecen resultan, desde logo, múltiples e variadas: desde a posta en escena das obras de Roberto Vidal Bolaño, pasando pola celebración das Feiras do Libro ou a lembranza de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, obra que cumpre 150 anos da súa primeira edición.

E, sobre todo, aproveitemos esta ocasión para visitarmos unha librería e agasallar as persoas queridas cun libro na nosa lingua. Esa será, dende logo, a maior mostra de gloria destes días.

